

Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 20 de xaneiro de 2026 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por Nerea Conde Seguí en nome e representación da ASOCIACIÓN PARTICIPACIÓN, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **2016/20889-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 16 de xaneiro de 2026, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

Presidente/a	NEREA CONDE SEGUÍN
Secretario/a	MARIA EVA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
Tesoureiro/a	ALEXIA MARIA RAMOS CONDE

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Este Departamento Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.



Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da **ASOCIACIÓN PARTICIPACIÓN** de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ourense, na data da sinatura dixital
Directora territorial

Beatriz Fernández Fernández

